



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A FEDERACIÓN DE USUARIOS Y CONSUMIDORES INDEPENDIENTES DE GALICIA FUCIGA PARA A PROMOCIÓN E O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS A TRAVÉS DA MEDIACIÓN E A ARBITRAXE, NAS OFICINAS COAS QUE CONTA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte D. José González Vázquez, presidente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en adiante IGCC), en base ao establecido no artigo 9.1 dos estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160, do 25 de agosto de 2016), actuando en virtude das competencias contidas no artigo 10.d) dos devanditos estatutos.

Doutra, Dna. Isabel Garrido Blanco, presidenta da FEDERACIÓN DE USUARIOS Y CONSUMIDORES INDEPENDIENTES DE GALICIA FUCIGA (en adiante FUCIGA), nomeada por elección da Xunta Directiva elixida pola Asemblea Xeral Ordinaria da Federación de data 24 de febreiro de 2015, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude das atribucións que lle confiren os seu Estatutos.

Ambos comparecentes actúan, como queda reflectido, en nome das súas respectivas entidades, e de mutuo acordo conveñen as seguintes estipulacións e declaracións,

EXPOÑEN

Primeiro. O artigo 51 da Constitución Española reconece expresamente que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

O artigo 30.1, parágrafo 4, do Estatuto de Autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario.

Dita competencia será levada a cabo polo Instituto Galego de Consumo segundo o





establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias e artigo 4.1.k) do decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Segundo. O IGCC é un organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que, de acordo co Decreto 118/2016, do 4 de agosto, desenvolve unha ampla gama de fins relativos á información, formación, promoción e, en definitiva, á protección das persoas consumidoras e usuarias, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e a disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo. Entre os mencionados fins, atópase o de cooperación coas asociacións de consumidores.

Terceiro. FUCIGA constitúese como unha federación de consumidores sen ánimo de lucro con ámbito de actuación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia e que de acordo cos seus Estatutos, ten entre as súas funcións, a de negociar e asinar convenios de colaboración con outras entidades sempre que non se vulneren as prohibicións legais e estatutarias establecidas.

Dita federación goza de unha contrastada experiencia na defensa dos consumidores figurando inscrita no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia dende o ano 2010 e forma parte do Consello Galego de Consumidores e Usuarios de Galicia dende o ano 2013, en concreto, con 1 representante no seu pleno.

Cuarto. É un obxectivo do IGCC, tal e como se establece no artigo 53.3 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, fomentar ás organizacións de consumidores que é o fin perseguido con este convenio, concretamente coas federacións e asociacións de consumidores de ámbito autonómico con contrastada experiencia e representatividade na defensa das persoas consumidoras cun mínimo de 10 anos de antigüidade no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia e que formen parte, con un mínimo de 6 anos, do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, como máximo órgano de representación e consulta en materia de consumo.

Todo elo para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

Pola súa parte, a estratexia de protección ás persoas consumidoras para o período 2020/2025, ten por obxecto lograr un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma, enmarcándose na “Nova Axenda Europea do Consumidor 2020-2025”, compartindo os obxectivos contemplados na mesma, e todo elo encadrándose dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma en materia de protección das persoas consumidoras.





Neste contexto, compre sinalar que os servizos financeiros e de subministración de enerxía eléctrica e gas merecen especial atención, debido a súa transformación nos últimos anos coa transición dixital e aparición de novos produtos.

Quinto. Ante o escenario actual onde é necesario primar os recursos, un dos xeitos de dar servizo ó maior número de persoas consumidoras posibles é o de colaborar coas federacións e asociacións de persoas consumidoras de ámbito autonómicas integrantes do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, ao tratarse das organizacións mais representativas e que engloban a un gran número de asociacións dispersas por diversas provincias e localidades.

Deste xeito lograse achegar os servizos de protección as persoas consumidoras á maioría das persoas consumidoras de Galicia.

Sexto. Ao abeiro do disposto anteriormente, cómpre destacar que FUCIGA cumpre cos requisitos de antigüidade como organización autonómica e representatividade e antigüidade no Consello Galego de Consumidores e Usuarios sinalados no expoñendo cuarto, e que con este convenio se persegue cumprir co obxectivo xa sinalado do IGCC de promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitrase de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

Sétimo. De conformidade co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concorren na sinatura do presente convenio razóns de interese público xa que se está a impulsar por parte do IGCC unha actividade de interese xeral tal e como é a de promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitrase de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

Ao mesmo tempo, e igualmente ao abeiro do disposto no devandito artigo, non é posible promover para esta actuación a concorrência, xa que a actuación do IGCC vai dirixida a federacións e asociacións que gozan de unha contrastada experiencia neste campo do consumo e unha gran presenza e representatividade en toda a comunidade autónoma, articulándose a través da formalización de convenios de colaboración con todas as federacións e asociacións de ámbito autonómico que compren cos requisitos sinalados no expoñendo cuarto.

Así, dada a especificidade das referidas características que debe cumprir a entidade, como son o carácter federativo ou autonómico das mesmas, a súa antigüidade no Rexistro de Asociacións como organización de carácter autonómico e a súa presenza e antigüidade no Consello Galego de Consumidores e Usuarios, outórgalles unha contrastada experiencia no campo e a súa dispersión e presenza nas catro provincias, cumpríndose así con aquel requisito de xustificación da non concorrência.





Por outra banda, cómpre ter en conta a ampla porcentaxe da poboación á que se lle da cobertura co proxecto que se pretende levar a cabo coa sinatura deste convenio, dado o carácter de federación autonómica e integrante do Consello Galego de Consumidores e Usuarios de Galicia que ten FUCIGA.

Oitavo. A necesidade de establecer mecanismos de coordinación e colaboración tendentes a potenciar a protección do consumidor en todos os campos nos que se desenvolve a acción, tanto da Administración Autonómica como das Organizacións de Consumidores, no ámbito das competencias propias de cada unha delas, vai a determinar a subscripción do presente convenio, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos entre o IGCC e FUCIGA para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións das persoas consumidoras galegas a través da mediación e a arbitrase de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, á súa tramitación posterior ante o órgano encargado de resolver.

Para a execución deste convenio levaranse a cabo, por ambas partes, accións en diferentes áreas relacionadas coa defensa das persoas consumidoras e usuarias como son:

- Accións para o reforzo da colaboración coa inspección de consumo en control de mercado, especialmente na transmisión de información e detección de produtos inseguros.
- Accións para a mellora da información, formación, asesoramento e orientación dos consumidores e usuarios.
- Tramitación e derivación de reclamacións dos consumidores e usuarios da provincia ó órgano competente para resolvela.
- Promover a resolución extraxudicial de resolución de conflitos, especialmente a través da mediación, respecto as reclamacións presentadas polos consumidores e usuarios, fomentando o establecemento de canles de resolución de conflitos .
- Accións para a difusión do Sistema Arbitral de Consumo como medio de defensa extraxudicial do consumidor e usuario, prestando o apoio preciso para o achegamento do Sistema Arbitral de Consumo aos consumidores e Usuarios.





Segunda. Compromisos do IGCC

O IGCC colaborará co financiamento dos gastos derivados das actuacións obxecto desta actuación segundo o establecido na cláusula cuarta.

Terceira. Compromisos de FUCIGA

1. FUCIGA e as súas asociacións integrantes que adquiran a condición de beneficiarias, prestarán a colaboración obxecto deste convenio que se especifica no apartado 2 desta cláusula, a tódalas persoas consumidoras que o demanden, e, cando se trate de colaboración relacionada con produtos e servizos financeiros ou de subministración de enerxía eléctrica ou de gas, prestarase de xeito totalmente gratuíto, directa ou indirectamente, de tal xeito que non deberá ser obrigatorio para a persoa consumidora darse de alta como socio/a da organización, se leva aparellado o desembolso de contías económicas, xa sexa por cota de alta ou posteriores cotas mensuais.

2. Ante unha consulta ou reclamación dunha persoa consumidora ou usuaria, FUCIGA e as súas asociacións integrantes informará a estas dos seus dereitos, e da documentación precisa ou conveniente para a tramitación dunha reclamación.

FUCIGA e as súas asociacións integrantes realizarán, en todas as reclamacións presentadas nas súas oficinas, a correspondente mediación ante o reclamado/a e no seu caso promoverán a arbitrase de consumo para lograr a súa resolución.

3. No caso de que a mediación e a arbitrase non prospere, FUCIGA e as súas asociacións integrantes realizarán a conseguinte tramitación ante o órgano competente para resolvela.

4. Das actuacións realizadas, especialmente das reclamacións, mediacións e ofrecemento do Sistema Arbitral de Consumo, deberá quedar constancia escrita, tanto do seu intento como do seu resultado, remitíndose mensualmente un listado das mesmas (anexo I).

5. Todas as reclamacións presentadas nas súas oficinas, así como o seu traslado ao IGCC, deberá levarse a cabo de xeito telemático a través do asistente de reclamacións existente tanto na páxina web deste IGCC como na sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento CO401A), sendo isto unha obriga e requisito imprescindible para o desempeño da finalidade do convenio, de tal xeito que o seu incumprimento entendese como causa de resolución do mesmo.

6. FUCIGA e as súas asociacións integrantes participarán e formará parte das actuacións da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia mediante a designación de árbitros cando así llo solicite o IGCC, dentro do ámbito de actuación das súas oficinas e ámbito territorial de FUCIGA.





7. FUCIGA e as súas asociacións integrantes, se como consecuencia das reclamacións presentadas ou das súas propias actuacións, detectasen incumprimentos graves ou xeneralizados no eido de desenvolvemento de actuacións, servizos e procedementos de atención, información e mediación no campo do dereito de protección das persoas consumidoras deberán poñelo en coñecemento do IGCC o mais axiña posible.

Neste sentido, deberá aportarse un informe exhaustivo onde consten ditas irregularidades, así como a proba ou xustificación das mesmas .

8. FUCIGA e as súas asociacións integrantes comprométense a darlle publicidade ó servizo obxecto deste convenio a través de calquera soporte, incluída a súa páxina web (na súa páxina de inicio e en lugar ben visible para o visitante). Así mesmo, manterán de forma destacada, un enlace á páxina web do IGCC.

Nas oficinas de atención presencial, nos puntos de información presencial e nos distintos soportes de comunicación que utilice FUCIGA e as súas asociacións integrantes deberán publicitar de forma destacada que:

“Esta organización presta un servizo de consulta e asesoramento para reclamacións as persoas consumidoras; este servizo está subvencionado pola Xunta de Galicia e será totalmente gratuíto cando se trate de servizos relacionados con produtos e servizos financeiros ou de subministración de enerxía eléctrica ou de gas”.

O dito texto deberá completarse coa indicación do horario de prestación do servizo, obxecto deste convenio.

9. FUCIGA e as súas asociacións integrantes deberán contar, como mínimo, cunha oficina de atención as persoas consumidoras con persoal cualificado para dar o servizo obxecto deste convenio e cun horario mínimo de 15 horas semanais. En dita oficina deberá figurar en lugar ben visible un cartel con unhas medidas mínimas de 450 x 320 mm seguindo o modelo que se xunta como anexo II a este convenio.

10. Calquera tipo de divulgación de datos que FUCIGA e as súas asociacións integrantes pretendan levar a cabo relacionada co convenio, deberán previamente comunicalo con unha antelación mínima de 15 días ó IGCC. En todas estas actuacións de divulgación deberá figurar que son accións enmarcadas dentro deste convenio de colaboración co IGCC e financiadas polo mesmo.

Cuarta. Financiamento

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o IGCC achega a cantidade total de 30.000 euros para os gastos correntes con cargo á aplicación orzamentaria 14.80.613A.481.0 do orzamento de gastos do IGCC para o ano 2025.





A federación FUCIGA destinará a achega feita polo IGCC, a sufragar os gastos correntes das súas oficinas, derivados das actuacións subvencionadas no marco do programa obxecto deste convenio.

A federación FUCIGA achegará todos os recursos materiais e humanos necesarios para levar a cabo as actuacións sinaladas anteriormente, ben con fondos propios ou persoal voluntario e responsabilizarase e asumirá a coordinación total deste programa.

De non xustificarse o importe total do convenio, e sempre e cando se acadase a súa finalidade, o IGCC minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

Quinta. O beneficiario e as súas obrigas

En virtude do establecido no artigo 8.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, terán a consideración de beneficiarios ademais da federación FUCIGA, todas e cada unha das asociacións integrantes da federación, sempre e cando se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a sinatura deste convenio, no nome e por conta da federación FUCIGA. Para elo deberán asinar un documento que poña de manifesto o devandito compromiso adquirido, o cal deberá ir acompañado da xustificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e fronte á Seguridade Social. Así mesmo xuntarase, para obter a condición de beneficiario, unha declaración responsable na que se poña de manifesto que a asociación integrante da federación non incorre en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

FUCIGA e as súas asociacións integrantes comprométese a asumir todas as obrigas que comporte o desenvolvemento das accións ás que fai referencia a cláusula terceira deste convenio e que se expresan na mesma. Así mesmo, asumen todas as obrigas ás que fai referencia o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ó abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a federación FUCIGA e as súas asociacións integrantes, deberán comunicar ao IGCC a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a federación FUCIGA e as súas asociacións integrantes están obrigada a subministrar ó IGCC, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no Título I da citada lei.





Faise constar que dito convenio e compatible con outras axudas, ingresos ou recursos que teñan a mesma finalidade que este convenio.

FUCIGA é libre respecto ao modo no que se deberán desenvolver as actuacións e o contido das actividades, sen prexuízo da potestade do IGCC de facer recomendacións sobre o modo no que se deberán desenvolver as actuacións e o contido da actividade.

Sexta. Xustificación e pagamento

1. No momento da sinatura do convenio procederase ó pagamento á federación FUCIGA dun anticipo do 52 % da cantidade destinada a financiar gastos correntes, segundo establece o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o novo regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Para proceder a este primeiro pago, a asociación beneficiaria deberá acreditar que iniciou as actividades obxecto do convenio nas súas oficinas, xuntando documentación gráfica (fotos,...) da publicidade do convenio á que se alude na cláusula terceira deste convenio.

O resto do importe librarase no momento de completar a xustificación por parte de FUCIGA do cumprimento da finalidade para a cal se celebra este convenio. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes do IGCC, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. De conformidade co establecido no artigo 65.4º f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, FUCIGA non está obrigada a constituír garantía.

3. Para cobrar a totalidade do importe do convenio, FUCIGA deberá presentar a xustificación do convenio antes do 10 de decembro de 2025, para o cal deberá remitir ó IGCC o seguinte:

- A. Unha memoria de avaliación das actividades realizadas onde consten as consultas e reclamacións atendidas diariamente, así como as mediacións realizadas, o ofrecemento da arbitrase de consumo e no seu caso a resolución da reclamación ou a súa tramitación ó IGCC ou organismo competente.
- B. Presentarase tamén un informe dos datos de consultas e reclamacións por sectores económicos e oficinas de atención e provincias de tal forma que se comprobe que o obxecto do convenio foi realizado e no que aparezcan as conclusións, problemas detectados e actuacións levadas a cabo por FUCIGA para a súa resolución.
- C. Relación dos gastos realizados que deberán vir ordenadamente relacionados nunha lista, desglosados por conceptos e que deberán axustarse ao establecido no anexo III . Ditos gastos acreditaránse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil ou con





eficacia administrativa. Ditas facturas (orixinais ou copias auténticas) correspondente ó período subvencionable do convenio (1 de xaneiro de 2025 a 10 de decembro de 2025) estarán expedidas a nome da asociación beneficiaria do convenio, e deberá figurar na mesma os datos identificativos da empresa proveedora, desglose de impostos e especificación clara do seu contido, debendo quedar reflexado que o seu pago foi efectuado ou documento que xustifique o mesmo.

Os pagamentos poderanse realizar polos seguintes medios:

- Transferencia bancaria.
- Cheque nominativo co seu xustificante de movemento de fondos.
- Pagamentos en efectivo: para a correcta acreditación do pagamento debe presentar un recibo asinado e selado polo proveedor, no que estea suficientemente identificada a empresa que recibe o importe e no cal consten o número e a data de emisión do xustificante de pagamento, así como o nome e o NIF da persoa que o asina. No suposto de que o pagamento se acredite mediante recibín consignado no mesmo documento xustificativo do gasto, este deberá conter a sinatura lexible indicando a persoa que o asina, o seu NIF e o selo do proveedor. A xustificación do pagamento mediante recibín da empresa proveedora só poderá aceptarse para gastos de escasa contía por importes inferiores a mil euros, segundo o establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

Poderán incluírse os seguintes gastos, correspondentes ao período subvencionable (do 1 de xaneiro 2025 ao 10 de decembro de 2025):

- Gastos do persoal da asociación beneficiaria que realice tarefas de atención nas oficinas da organización (este persoal non poderá realizar de xeito profesional ou empresarial, con ánimo de lucro, actividades obxecto deste convenio, tales como abogacía, peritaxes, etc). Deberá terse en conta que os gastos de persoal devengan a final de mes e polo tanto quedaría fora do período de xustificación a nómina do mes de decembro 2025. Para a xustificación do convenio poderán terse en conta xustificantes de gastos devindicados correspondentes ó período de vixencia do convenio que á data de xustificación do mesmo aínda non foran efectivamente pagados, sempre e cando se refiran ós gastos de cotas patronais e obreiras de Seguridade Social e os relacionados con obrigas tributarias concernentes ó IRPF.
- Gastos de aluguer dos locais da organización onde se presten os servicios de atención ó consumidor.
- Gastos por taxas de recollida de lixo.





- Gastos de funcionamento e mantemento das oficinas de atención, como subministros de luz e auga, teléfono, correos e postales, internet, cotas de comunidade, seguros e material de oficina.
 - Gastos de xestión necesarios para o funcionamento das oficinas de atención.
- D. Declaración responsable de que a asociación beneficiaria do convenio cumpriu cos obxectivos previstos no convenio.
- E. Declaración responsable na que conste o horario de atención ó público efectivamente prestado da asociación beneficiaria.
- F. Declaración responsable da asociación beneficiaria do convenio, da obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas neste convenio.

4. No momento da xustificación da execución do programa obxecto deste convenio e, en calquera caso, antes do pagamento da cantidade achegada polo IGCC a federación FUCIGA e as súas asociacións integrantes acreditarán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, supoñendo a sinatura do convenio a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

5. Procederáse ó reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para facer efectiva a referida devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no capítulo II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima. Fiscalización e control

O IGCC resérvase a facultade de realizar as comprobacións ou controis que considere necesarios, e que FUCIGA e as súas asociacións integrantes admiten, co propósito de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta achega económica. Así a asociación beneficiaria da achega estará na obriga de prestar colaboración e facilitar canta información e documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ou no seu caso ao control realizado polo Consello de Contas e demais órganos competentes.

Oitava. Comisión de Seguimento

1. Constituirase unha comisión de seguimento, que adoptará os seus acordos por consenso e que estará integrada por dúas persoas representantes de FUCIGA e por





dúas persoas representantes do IGCC, sendo presidida por unha destas. Constituirase a petición de calquera das dúas partes.

2.As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes.
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas.
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas.
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas.

3.A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Vixencia, causas de resolución, modificación e extinción do convenio

1.O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro de 2025, con retroacción dos seus efectos para amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025. Todo isto sen prexuízo da posibilidade, por acordo das partes, de prorrogar expresamente o dito prazo por períodos de duración anual, previo cumprimento dos trámites orzamentarios.

2.O presente Convenio poderá resolverse cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Denuncia expresa de calquera das partes establecéndose un prazo de aviso previo de dous meses.
- b) Incumprimento das cláusulas do convenio.

3.Toda alteración das condicións polas que se fai a presente achega poderá dar lugar á modificación do presente Convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, este convenio poderá ser obxecto de modificación unilateralmente pola Administración cando teñan por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

4.Este convenio extinguirase polo cumprimento total das actuacións que constitúen





o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Décima. Non existencia de relación laboral

Para a realización das actividades derivadas deste convenio, aportará os medios persoais apropiados.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o IGCC, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo primeira. Publicidade e inscrición en rexistros

1.O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2.A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (OG núm. 149 do 3 de agosto).

3.En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo segunda. Protección de datos de carácter persoal

Calquera transmisión de información quedará supeditada ao cumprimento das normas sobre confidencialidade e protección de datos, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e demais normativa concordante que sexa de aplicación.

Décimo terceira. Natureza, réxime xurídico e resolución de conflitos

1. Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de





aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2. Rexerese polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

3. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola persoa titular da presidencia do IGCC, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O PRESIDENTE DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	A RESIDENTA DE FUCIGA
José González Vázquez	Isabel Garrido Blanco





INSTITUTO GALEGO
DO CONSUMO E
DA COMPETENCIA





ANEXO I: DATOS DO CONVENIO

PERÍODO:

TIPOLOXÍA	Nº RECLAMACIÓNS ATENDIDAS	Nº TRAMITACIÓNS A ENTIDADE	Nº TRAMITACIÓNS A B. ESPAÑA (*)	Nº PROPOSTAS DE MEDIACIÓN	Nº PROPOSTAS DE ARBITRAXE	Nº TRAMITACIÓNS XUDICIAIS	Nº RESULTAS A FAVOR DO CONSUMIDOR POLA ASOCIACIÓN	Nº REMITIDAS O IGC
CLÁUSULAS CHAN								
COMISIÓNS BANCARIAS								
ELECTRICIDADE								
GAS								
CRÉDITO EXPRÉS								
TELEFONÍA								

(*) No caso de que proceda



ANEXO III: CADRO XUSTIFICACIÓN GASTOS- CONVENIO

Asociación:

Orde	Nº doc.	Data documento	Emisor documento	NIF/CIF emisor	Concepto	% Imputación	Importe	Modo pago	Data pago	ACUMULATIVO
1										0
2										0
3										0
4										0
5										0
6										0
7										0
8										0
9										0
10										0
11										0
12										0
13										0
14										0
15										0
16										0
17										0
18										0
19										0
20										0
21										0
22										0
23										0
24										0
25										0
26										0
27										0
28										0
29										0
30										0
31										0
32										0
33										0
34										0
35										0
36										0
37										0
38										0
39										0
40										0

